



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PONTEDEUME

Publicación-notificación da resolución do Concello de Pontedeume de aprobación das contas xustificativas e ordenación do pago das axudas PEL-REACTIVA: Fondo de financiamento da Deputación da Coruña

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS E ORDENACIÓN DO PAGO DAS AXUDAS PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA DO CONCELLO DE PONTEDEUME

Por medio do presente, publícase o Decreto da Alcaldía nº 303/2021, do 27 de maio, cuxo texto se transcribe deseguido. En aplicación do disposto nas bases reguladoras e consonte o disposto nos artigos 40 e 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, **esta publicación servirá para os efectos da súa notificación.**

«Descrición decreto: APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS E ORDENACIÓN DO PAGO DAS AXUDAS PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA DO CONCELLO DE PONTEDEUME

EXPEDIENTE Nº 2021/G003/000287

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Á vista do informe-proposta do órgano instrutor do procedemento, de data 20/05/2021, emitido en relación coa aprobación das contas xustificativas e ordenación do pago das axudas debidamente xustificadas, con base nas consideracións que se transcriben literalmente deseguido:

«CONSIDERACIÓN

Primeira.- A resolución de concesión definitiva das axudas “PEL-REACTIVA: Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña” foi aprobada por decreto da Alcaldía nº 129/2021, do 26 de febreiro e publicada no BOP da Coruña nº 42, do 04/03/2021.

Esta resolución foi corrixida mediante decreto da Alcaldía nº 154/2021, do 10 de marzo (BOP Coruña nº 52, do 18/03/2021).

Segunda.- As persoas beneficiarias das axudas e os seus importes constan enumeradas no parágrafo QUINTO do resolutivo do dito decreto, que no parágrafo noveno, establece a obriga destas persoas beneficiarias de presentar a documentación xustificativa referida expresamente aos conceptos de gasto subvencionados, consonte establecen as bases 7.^a e 8.^a, como data máxima, o 31 de marzo de 2021.

Terceira.- A contía total da subvención concedida pola Deputación Provincial para o Concello de Pontedeume, ascende a 110.193,37€.

Cuarta.- Unha vez examinada a documentación achegada durante o prazo de xustificación, constatouse que nalgúns casos o importe dos pagos xustificados en aplicación das bases reguladoras, é inferior ao concedido.

Quinta.- A base 13^a da norma 18 das bases específicas reguladoras das axudas de concellos adheridos ao fondo de financiamento (BOP nº 123, do 05/08/2020 e BOP nº 128, do 12/08/2020), establece:

“O concello aboará o importe da subvención concedida logo da presentación dos xustificantes de gasto ou facturas electrónicas escaneadas, efectivamente pagadas dentro do período subvencionable, correspondentes aos gastos subvencionables determinados na base 7^a, ou documentos contables de valor probatorio equivalente. No caso de que as facturas non teñan os conceptos de gasto debidamente especificados, deberán entregar un documento aclaratorio do seu contido, que debe axustarse aos conceptos subvencionados ao amparo desta convocatoria.

O pago da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta bancaria indicada pola entidade beneficiaria da subvención.

No caso de que o importe dos pagos xustificadas sexa inferior ao concedido, a achega municipal reducirase ata o importe efectivamente xustificadas.”»

Á vista das consultas efectuadas ás facendas estatal, autonómica e local sobre a situación tributaria das persoas beneficiarias, así como á Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Á vista do informe con referencia 158.2021 da Intervención municipal de data 25/05/2021, que consta incorporado no expediente.

Tendo en conta que a contía máxima da axuda concedida pola Deputación da Coruña é de 110.193,37€ e que o importe total das axudas cuxo pago se propón ascende a 97.784,02€.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, consonte as bases reguladoras das axudas e demais normativa de aplicación, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as contas xustificativas polos pagos xustificadas que se indican, aprobar o gasto e ordenar o pagamento das axudas polos seus importes definitivos ás persoas beneficiarias, segundo o seguinte detalle:

NIF/CIF	Interesado/a	Importe axuda	Pagos xustificados Importe definitivo A PAGAR	Importe NON xustificadas
B70588603	[...]	2.500,00	2.500,00	0,00
***6701**	[...]	2.500,00	2.500,00	0,00
B15872021	[...]	2.500,00	1.854,07	645,93
B70551932	[...]	2.000,00	2.000,00	0,00
B70150792	[...]	2.000,00	2.000,00	0,00
J15907587	[...]	2.500,00	2.500,00	0,00
***5562**	[...]	2.500,00	2.500,00	0,00
***0731**	[...]	2.500,00	2.500,00	0,00
***1561**	[...]	2.500,00	2.500,00	0,00
***0111**	[...]	2.000,00	2.000,00	0,00
***0873**	[...]	2.000,00	2.000,00	0,00
***9464**	[...]	2.500,00	0,00	2.500,00
***0491**	[...]	2.500,00	2.500,00	0,00
***1388**	[...]	2.000,00	1.786,67	213,33
B15235666	[...]	2.000,00	2.000,00	0,00
***0576**	[...]	2.500,00	2.500,00	0,00
***7013**	[...]	2.500,00	2.500,00	0,00
***1022**	[...]	2.500,00	2.500,00	0,00
***1803**	[...]	2.500,00	2.500,00	0,00
***3709**	[...]	2.500,00	2.500,00	0,00
***7430**	[...]	2.500,00	2.500,00	0,00
***0724**	[...]	2.500,00	2.500,00	0,00
***4652**	[...]	2.500,00	2.500,00	0,00
***1750**	[...]	2.500,00	2.500,00	0,00
***1673**	[...]	2.500,00	2.500,00	0,00
***9995**	[...]	2.500,00	1.914,08	585,92
***9216**	[...]	2.500,00	823,67	1.676,33
J70580998	[...]	1.500,00	1.500,00	0,00
B70555768	[...]	1.500,00	1.500,00	0,00
J70386206	[...]	1.500,00	1.500,00	0,00
***0437**	[...]	2.000,00	2.000,00	0,00
***0029**	[...]	2.000,00	2.000,00	0,00
***8075**	[...]	2.000,00	2.000,00	0,00
***0512**	[...]	2.000,00	1.482,44	517,56
***6749**	[...]	2.000,00	2.000,00	0,00
***8616**	[...]	2.000,00	2.000,00	0,00

NIF/CIF	Interesado/a	Importe axuda	Pagos xustificados Importe definitivo A PAGAR	Importe NON xustificado
***5313**	[...]	2.000,00	2.000,00	0,00
***0890**	[...]	2.000,00	2.000,00	0,00
***0112**	[...]	2.000,00	2.000,00	0,00
***0568**	[...]	2.500,00	2.500,00	0,00
***3867**	[...]	2.000,00	185,03	1.814,97
***7688**	[...]	2.000,00	904,66	1.095,34
***5689**	[...]	2.000,00	869,26	1.130,74
***0579**	[...]	2.000,00	160,21	1.839,79
***8072**	[...]	2.000,00	2.000,00	0,00
B70426200	[...]	1.500,00	1.500,00	0,00
J15739378	[...]	1.500,00	1.500,00	0,00
J70387873	[...]	1.500,00	1.110,56	389,44
***8879**	[...]	2.000,00	2.000,00	0,00
***5258**	[...]	2.000,00	2.000,00	0,00
***0887**	[...]	2.000,00	2.000,00	0,00
***4285**	[...]	193,37	193,37	0,00
	TOTAIS	110.193,37	97.784,02	12.409,35

SEGUNDO.- Anular o dereito ao cobro das axudas polos importes non xustificados e proceder á contabilización das operacións correspondentes.

TERCEIRO.- As persoas beneficiarias desta axuda deberán cumprir coas obrigas establecidas polas bases reguladoras e demais normativa de aplicación, en especial coa base 14.^a das bases e o artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS). O incumprimento das anteditas obrigas, incluída a publicidade do financiamento do carácter público da actividade realizada, segundo establece o punto 10, da dita base 14.^a, será causa do reintegro total ou parcial da subvención, nos termos establecidos nas bases reguladoras e na LXS.

CUARTO.- Ordenar a publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, que producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. A resolución tamén será publicada no taboleiro da sede electrónica e na páxina web municipal a efectos informativos. Así mesmo, remitirase a información correspondente á Base de Datos Nacional de Subvencións.

QUINTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde-presidente D. Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D^a Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).»

Segundo dispoñen as bases reguladoras e consonte o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, esta publicación servirá para os efectos da notificación ás persoas interesadas, significándolles que contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poden interpoñer os seguintes recursos:

1.- Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2.- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. Sen prexuízo de que poida exercer calquera outro que estime procedente.

O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En Pontedeume, asinado dixitalmente o día 1 de xuño de 2021, pola Secretaria Xeral, dona Ana Ramos Ramos.

2021/4763